

A ESCOLA DA VIDA

A demagogia dos horarios públicos

02.04.2011

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Acaba de aprobar o Consello da Xunta de Feijóo, entre outras medidas, o *proxecto Kronos*, segundo o que din os seus responsables, permitirá "unha verdadeira relación telemática cos usuarios, que os empregados desfruten as vantaxes da flexibilidade laboral e que estean sometidos a un control horario homoxéneo".

Non poño en dúbida as súas afirmacións; con todo, considero demagóxico que nun momento como o actual en que hai unha evidente falta de proxectos políticos relevantes socialmente para mobilizar a sociedade galega se queira distraer con oportunismos desviacionistas ou, como lle están a chamar eles nas súas confrontacións políticas, continas de fume que queren facer recaer a súa responsabilidade noutros que pouco teñen que facer cando as ideas están ausentes.

En calquera empresa grande ou pequena son os xefes os que teñen que establecer os traballos a realizar e asignalos ós operarios para que estes os cumpran dentro das marxes horarias e das normas establecidas. E son eses mesmos xefes os responsables de buscar os porqués en caso de haber incumprimentos e de aplicarles as normas internas da empresa para que todo se axuste ao pactado. A Administración está sempre ao servizo do cidadán, e este fai, mediante a súa elección dos seus xestores políticos, que se lles dea solución ás súas necesidades. Cando os políticos chegan aos seus postos e se acomodan neles sen facer as xestións necesarias para resolverlle os seus problemas, os administradores non poden cumprir coas súas funcións. Por iso, non é de recibo que na situación actual de falta de ideas, se lles compute aos funcionarios públicos no seu debe esta eiva desde a perspectiva de que non cumpren cos seus tempos de traballo.

Cadaquén ten que facer o traballo que ten asignado: todo é unha cadea de relacións laborais, tanto na Administración como na empresa. Por iso, querer facer dos edificios públicos casas de grande irmán onde o ollo vixiante sobre os empregados públicos sexa a tarxeta que detecta en cada momento o que fai ou onde está é desviar a responsabilidade dos xefes. Porque ¿quen controla o controlador?, ¿ou é que os xefes políticos tamén van ter tarxeta, xa que eles tamén cobran dos impostos que pagan os cidadán co seu traballo?.